

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001136	IES Francisco Aguiar	Betanzos	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	9
3.1. Relación de unidades didácticas	10
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	12
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	39
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	42
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	45
7.2. Actividades complementarias	47
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	47
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	49
9. Outros apartados	49

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica está dirixida ao alumnado do segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria de Xeografía e Historia, unha materia xeral do bloque das troncais que busca garantir coñecementos e competencias que contribúan a unha formación sólida e aproveitamento continuado naquelas materias comúns das etapas posteriores.

A permanencia desta materia no currículo da ESO resalta a gran potencialidade formadora da Xeografía e Historia. En tanto ao estudo do pasado; insiste na existencia dunha herdanza común (valores, costumes, ideas) fomentando unha identidade propia que, entendida positivamente, contribúa a comprensión das diferenzas multiculturais. En tanto á reflexión sobre ritmos e tensións espazo-temporais; permite entender o mundo actual como algo cambiante e resultado da interacción de múltiples variables, entre as que se encontra a acción humana. Consecuentemente favorece a adaptación as ditas permanencias e cambios sociais, económicos e políticos (comunicacións, sistemas de comercio, novos espazos urbanos, distribución da riqueza, cambios nas fronteiras ou rutas e espazos económicos), tomar un posicionamento racional ante eles e, en última instancia, formar ao alumnado no exercicio dos seus dereitos e deberes como cidadáns.

A nivel académico, contribúe á formación xeral do alumnado: pretende afondar nos coñecementos adquiridos

na Educación Primaria (EP); desenvolve métodos de análise (aplicables a escala local e planetaria) e facultades intelectuais (observación, comparación, inferencia e formulación de hipóteses) útiles para o mundo académico e o futuro socioprofesional; e supón unha importante contribución ao desenvolvemento de competencias como a conciencia e expresións culturais (en tanto ao estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e cultura na historia) e a competencia na iniciativa e espírito emprendedor (en relación con coñecementos procedimentais da xeografía e historia económica). Finalmente, dado o inmenso alcance da Historia como disciplina que abrangue a totalidade do pasado, contribúe notablemente ao desenvolvemento doutras áreas do currículo e ramas do coñecemento (literatura, filosofía, o progreso científico ou a música).

En cambio, que o estudiantado desenvolva a formación integral descrita anteriormente é reflexo dun proceso de ensino-aprendizaxe complexo. Para que dito proceso sexa efectivo e de calidade a intervención docente debe ser precedida dun plan orientativo de acción. É dicir, o deseño previo dunha ferramenta que oriente a estratexia educativa en torno a tres eixos principais.

En primeiro lugar, que concrete os principios legais e coordine todos os elementos do currículo (contidos, obxectivos, metodoloxía, recursos e actividades, secuenciación e avaliación) e estableza deliberacións previas que reduzan as indecisións ou elementos imprevisibles que, por azar, acontecen no día a día das

aulas.

En segundo lugar, que fomente a autocrítica sobre a labor educadora como guía para a vida nun mundo cada día máis diverso e en constantes cambios. Cambios que non deixan á marxe á escola e que esixen unha adaptación da intervención docente en base a liñas pedagóxicas axeitadas e alternativas máis eficaces.

En terceiro lugar, a programación didáctica contribúe non só á adecuación xeral do proceso educativo senón tamén á adaptación de dito proceso ao contexto no que se produce. É dicir, a integración no marco particular do centro e do alumnado. En tanto ao primeiro, facilita a existencia dunha coherencia coas accións de toda comunidade escolar; asumindo decisións compartidas para traballar con bases comúns que garantan a formación do alumnado. En tanto ao segundo, debe contar coa diversidade de intereses, motivacións e capacidades do alumnado. Ter en conta o grado de desenvolvemento cognitivo propio de cada grupo e idade e subordinar a selección dos contidos e os enfoques didácticos ás necesidades educativas e capacidades cognitivas. Isto explica a necesidade de que cada docente deseñe a súa propia programación pensando en estratexias viables e funcionais pero dende unha perspectiva integradora e creativa que favoreza a implicación dos alumnos. Así pois, estas programacións unicamente son un documento teórico e flexible que só cobra sentido coas progresivas rectificacións e ampliacións xurdidas tras a aplicación na aula.

## Marco legal

A presente programación elabórase en base á Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE). E concrétase, na nosa autonomía, no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

## Contexto

Resulta fundamental ter en conta o entorno profesional, social, cultural e económico do centro no que a presente programación vai ser implantada. En tanto á súa tipoloxía ou natureza, trátase dun Instituto de Educación Secundaria (I.E.S.) de ensino público e localizado nunha zona urbana que abrangue unha ampla comarca duns 35.000 habitantes. Intégrase nunha importante zona dotacional: moi preto do centro de saúde ou a estación de tren e a cinco minutos do centro da vila que, entre as súas ofertas culturais, conta cun museo, unha biblioteca e dous centros xuvenís con acceso a internet e novas tecnoloxías. Ademais, compre sinalar a proximidade con outros centros educativos: un Centro de Educación Infantil e Primaria (C. E.I.P.) e outros dous I.E.S de carácter público e concertado. En tanto ás infraestruturas, o centro cumpre cos mínimos esixidos polo Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria. En canto ás instalacións, ademais das aulas

ordinarias conta con salas con recursos adaptados a materias específicas: dúas aulas de música, as de tecnoloxía, dúas aulas de informática, pavillón polideportivo, Ximnasio, biblioteca, salón de actos e outras salas de usos múltiples.

En tanto ao claustro está constituído por 61 profesores/as e resalta o peso dos departamentos de Matemáticas, Inglés e Lingua e Literatura Castelá. O departamento de Xeografía e Historia está composto por un grupo de 4 docentes (aínda que dúas docentes do departamento de Economía e Inglés imparten a materia de primeiro da ESO).

En tanto ao alumnado, en termos cualitativos a matrícula supera aos 600 alumnos/as (686), distribuídos en catro grupos para cada nivel exceptuando o primeiro da ESO (con 5 grupos), terceiro e cuarto da ESO (con 3ºD/E e 4ºD/E) e un grupo en cada curso do Ciclo Superior de Márketing e Publicidade.

En tanto á procedencia e composición de dito alumando, maioritariamente trátase de residentes da propia vila, cunha extracción socioeconómica media. Xeralmente, os alumnos dos cursos inferiores derivan do CEIP próximo. Existe unha maior diversificación na procedencia dos alumnos dos niveis máis altos, especialmente no caso dos ciclos formativos específicos e bacharelato, ao ser derivados dos institutos de secundaria estritamente obrigatoria das zonas rurais circundantes. Ademais, dende os últimos anos académicos detectouse unha minoría crecente de alumnado procedente doutros países

(especialmente de América do sur).

En tanto ao nivel de segundo da ESO, está formado por 105 alumnos/as distribuídos en catro grupos (A, B, C e D) cunha ratio de 26 estudantes (excepto 2ºC, con 27), cunha extracción socioeconómica media e cunha certa equidade por sexos (aínda que o número de rapaces é maior que o de rapazas: 54 fronte a 51).

Neste marco xeral de aula cumpre resaltar a presenza dun 5,71% de casos de necesidades educativas específicas (NEE), 4,76% de repeticións, 3,8% de promoción por imperativo legal e 1,9% adaptacións curriculares (ACI).

Por outra banda, o perfil académico propio nestes niveis da Secundaria é o de un alumnado activo, participativo e curioso aínda que non adoita dispoñer de técnicas de estudo e presenta dificultades na sistematización da información e os contidos. Concretamente, no relativo á materia de Xeografía e Historia, aínda que na EP se inician na comprensión do tempo histórico, teñen pouco desenvolto o grao de pensamento histórico dispoñen dun escaso adestramento en prácticas de estudo inferenciais, case nulas na composición e comentario de textos, e limitan a aprendizaxe á convencional memorización do libro de texto polo que adoitan entender a materia como un compendio de información de escasa utilidade. Neste segundo curso comezarase polo estudo da Historia; concretamente sobre o período da Idade Media e Moderna, e deixarase para a segunda parte do curso o estudo da Xeografía; sobre demografía, urbanización e retos do mundo actual.



## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución á Historia	1.1. Que é a Historia? Repaso 1º ESO 1.2. Etapas da Historia (Repaso 1º ESO) 1.3. A Idade Media: concepto e subetapas	2	2	X		
2	O declive occidental: dos xermánicos aos carolinxios	2.1 Roma: etapas e a división do Imperio 2.2. A caída do Imperio Occidental 2.3. As invasións xermanánicas na Pen. Ibérica (Suevos e visigodos) 2.4. O imperio carolinxio	10	9	X		
3	O apoxeo oriental: Bizancio e islam	3.1. O apoxeo do Imperio Oriental: formación e evolución política. 3.2. Características do Imperio bizantino (política, economía, ociedade, relixión e	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O apoxeo oriental: Bizancio e islam	cultura) 3.3. A arte bizantina 3.4. O nacemento, organización e difusión do Islam cara occidente	10	9	X		
4	A Península Ibérica musulmá: conquista e Al-Ándalus	4.1. A difusión do Islam dende a Península Arábica ata a Pen. Ibérica 4.2. A conquista musulmá da Península 4.3. Al Ándalus: etapas e características 4.4. A arte andalusí	10	9	X		
5	A convivencia musulmá-cristiá peninsular: Reconquista e repoboación	5.1. A orixe dos reinos cristiáns 5.2. Orixe e consolidación dos primeiros reinos 5.3 A expansión cara o sur: A reconquista 5.4. A repoboación 5.5. O legado cultural da convivencia cristiano-musulmá	5	5	X		
6	Do esplendor (Plena Id.Media) á crise e desaparición da Idade Media	6.1. O feudalismo: sociedade (relacións vasaláticas), política (monarquías), economía (actividades e técnicas) e cultura (Igrexa) 6.2. O esplendor da Plena Id.Media: expansión do comercio, a orixe das cidades e avances culturais (universidades) 6.3. A crise baixomedieval (s.XIV): a peste, as revoltas sociais e a persecución relixiosa. 6.4. A recuperación (s.XV)e o á ¿modernidade¿ 6.5. A Galicia da Idade Media	10	9		X	
7	A arte medieval: (pre)románico e gótico	7.1. O Prerrománico 7.2. O Románico 7.3. O Gótico	6	6		X	
8	A monarquía hispánica. A conquista e colonización de América	8.1. A monarquía autoritaria (Portugal e Reis Católicos) 8.2. O período dos descubrimentos 8.3. A conquista de América 8.4. A colonización de América (consecuencias)	9	9		X	
9	O período do Renacemento	9.1. O Prerrománico 9.2. O Románico 9.3. O Gótico	6	6		X	
10	O período do Barroco	10.1. Contexto político: monarquías autoritarias 10.2. A época dos ¿grandes descubrimentos¿ 10.3. O Humanismo 10.4. A arte do Renacemento (Italia)	6	6		X	
11	INTRODUCCIÓN Á XEOGRAFÍA	11.1 Que é a Xeografía? 11.2. Repaso 1º ESO Revisión xeral de contidos do curso pasado: localización (latitude/lonxitude) e representacións (mapas e escalas)	2	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Paisaxe e bioclimas (retos ambientais)	12.1. O medio físico de España e Galicia 12.2. As zonas bioclimáticas de España e Galicia 12.3. Diversidade de paisaxes naturais da Pen.Ibérica 12.4. Os retos medioambientais actuais efecto invernadoiro, contaminación das augas, deforestación.	4	9			X
13	A poboación	13.1. O crecemento da poboación (taxas e modelos demográficos) 13.2. A estrutura da poboación: pirámides demográficas 13.3. A distribución da poboación mundial 13.4. A poboación de Europa, España e Galicia 13.5. Os movementos demográficos 13.6. Os retos da poboación actual	10	11			X
14	O proceso de urbanización	14.1. O nacemento das cidades (Repaso Tema 5) 14.2. Concepto de cidade (forma e funcións) 14.3. Crecemento e distribución das cidades no mundo (tipos) 14.4. As cidades de Europa, España e Galicia 14.5. Retos das cidades actuais: vantaxes e problemas	10	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución á Historia	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Logra diferenciar unha fonte primaria dunha secundaria.	PE	70
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sabe elaborar un eixe cronolóxico sobre as invasións bárbaras e os reinos xermánicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica nun mapa as invasións bárbaras.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende a relevancia do Reino Visigodo e do Reino Suevo na historia de España e Galicia, respectivamente.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz de identificar os trazos esenciais da arte hispanovisigoda.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora positivamente os efectos da convivencia entre musulmáns e cristiáns durante o período de Al Ándalus		
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Sabe argumentar a importancia da Historia como aprendizaxe do pasado para comprender o presente e decidir sobre plans futuros	TI	30
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Logra diferenciar os tipos de fontes e a fiabilidade das mesmas		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Sabe argumentar a importancia da conservación do patrimonio material e inmaterial como testemuña do pasado e elemento de identidade colectiva		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Aporta ideas sobre como conservar o patrimonio material e inmaterial		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica a convivencia de culturas, etnias e relixións como un proceso natural da historia e que marca a nosa identidade		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica momentos do pasado medieval onde se teñen producido imposicións de tipo político e relixioso.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza un traballo sobre o legado musulmán na Península a partir de distintas fontes		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O declive occidental: dos xermánicos aos carolinxios	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Localiza os distintos pobos xermánicos en mapas de Europa e da Península Ibérica	PE	70
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Explica a dominación visigoda da Península Ibérica		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Recoñece os primeiros códigos de leis visigodos e carolinxios		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É capaz de diferenciar entre fontes primarias e secundarias.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica que suevos e visigodos son pobos coetáneos na Península Ibérica		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica factores do legado visigodo e suevo	TI	30
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Comprende a relevancia do imperio carolinxio como precedente da idea de Europa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O apoxeo oriental: Bizancio e islam	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Asimila os aspectos elementais da arte islámica.	PE	70
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Logra elaborar un eixe cronolóxico sobre a orixe e difusión do islam		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica os cambios que se suceden nas distintas etapas do imperio islámico		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece tres políticas levadas a cabo por Teodora en favor dos dereitos das mulleres		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Comprende os trazos básicos da cultura islámica.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Identifica o código xustiniano como un dos primeiros códigos de leis de Europa.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Asimila os aspectos elementais da arte bizantina e musulmana.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Interpreta un mapa das etapas do Imperio Bizantino	TI	30
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Analiza o papel da muller no islam.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A Península Ibérica musulmá: conquista e Al-Ándalus	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende os aspectos culturais máis básicos de Al-Ándalus.	PE	70
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un eixe cronolóxico sobre as etapas de An Ándalus		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica os factores que explican que os territorios do norte peninsular quedaran á marxe da conquista		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Explica as características da sociedade de Al Ándalus		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica factores do legado andalusí da Península Ibérica		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Identifica os rasgos principais da arte musulmá a través da mesquita de Córdoba		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia fontes primarias e secundarias sobre a Reconquista.	TI	30
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Explica por que se produce a crise do califato de Córdoba e o nacemento das primeiras taifas a través dun mapa		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Asimilar a herdanza andalusí na cultura e sociedade actuais.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Valora positivamente a convivencia musulmá e cristiá do período de Al Ándalus e a Reconquista		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A convivencia musulmá-cristiá peninsular: Reconquista e repoboación	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identificar os distintos grupos sociais e relixiosos que conviven no período de Al Ándalus	PE	70
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Realizar un eixe cronolóxicos sobre a Reconquista		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identificar as etapas da Reconquista ordenando mapas coa expansión dos reinos cristiáns		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica os factores que explican que os territorios do norte peninsular quedaran á marxe da conquista		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a Baixa Idade Media.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece os cambios sociais da Baixa Idade Media e os enfrontamentos civís provocados polos mesmos.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñecer elementos do patrimonio andalusí.	TI	30
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza unha exposición, oral e escrita, sobre un período da Reconquista		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Analizar o plano da cidade de Barcelona como paradigma das necesidades dunha cidade industrial		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Realizar un traballo colaborativo de procura de información sobre a relación entre o plano urbano dunha cidade e os seus posibles problemas sociais e ambientais	TI	30
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.</li> <li>- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

## Contidos

- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Enténdese por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Numerosas teses (Barton, K., 2010 e Merchán, J., 2007) afirman que os problemas de rendemento nas distintas materias non están tan determinados polas limitacións cognitivas piagetianas, senón máis ben coa actitude, expectativas e a instrución recibida (interese, utilidade, contidos curriculares e metodoloxía aplicada). Para que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa efectivo e de calidade este debe converter ao estudantado no eixo vertebrador das aulas e nos verdadeiros protagonistas do proceso de ensino-aprendizaxe. É dicir, no principal axente de produción -e non reprodutor- do coñecemento. Durante este proceso, o docente debe actuar como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado e coordinarse co resto de docentes.

Por iso, a planificación metodolóxica debe ter en conta tres puntos de partida.

En primeiro lugar, a diversidade e os distintos ritmos de aprendizaxe tanto para o deseño de distinto tipo de actividades como de enfoques metodolóxicos. En segundo lugar, ter en conta a competencia inicial do alumnado, así como as súas percepcións e coñecementos previos. Así pois, isto supón a contextualización dos contidos na súa contorna a través de exemplos e a análise de casos e/ou pequenos traballos de investigación que contribúan na interiorización do mundo que os rodea ao alumno (Chomsky, 1965). En terceiro lugar, abordar un enfoque interdisciplinar tanto entre as dúas disciplinas da materia como coas restantes materias integradoras do currículo. Exemplo de esta interdisciplinaridade móstrase na U.D.11 (Paisaxe e bioclimas: retos ambientais) e a U.D.12 (A poboación); no primeiro caso con contidos comúns ao programa da materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º da ESO e, no segundo caso, empregando coñecementos aprendidos en Matemáticas para o cálculo de taxas demográficas. Paralelamente, a programación intégrase en dous dos proxectos de centro

do IES Francisco Aguiar: Meteoescolas e outro sobre “desenvolvemento sostible” (iniciado o pasado curso a partir do estudo da pegada do carbono na contorna).

Seguidamente, en tanto á metodoloxía da propia materia, o obxectivo último é o desenvolvemento da alfabetización social do alumnado e non “crear” pequenos especialistas que memoricen os amplos contidos da materia. Por iso é necesario rachar co modelo tradicional-expositivo e transmitir unha visión da disciplina non como un coñecemento acabado, pechado, fragmentado e composto por afirmacións categóricas indiscutibles. É importante transmitir unha visión da disciplina como un proceso investigador aberto, en construción e no que eles mesmos poden participar.

Para lograrlo, apóstase por unha metodoloxía activa coa realización de actividades de natureza diversa: de traballo individual (que permiten valorar o progreso da aprendizaxe persoal) como a través de distinto tipo de agrupamentos do alumnado, sendo as actividades en parella unha das máis empregadas na programación (adeuada para traballar actitudes e desenvolver un traballo colaborativo). Resaltan tamén os agrupamentos en torno aos 4 ou 5 alumnos (coa finalidade de desenvolver actitudes de traballo grupal) ou outras en gran grupo (asociadas, principalmente, a actividades de síntese de contidos ou aquelas que impliquen un posicionamento e o desenvolvemento da capacidade de opinión).

En tanto á diversidade de actividades supón contar con diferentes tipos de materiais, medios e recursos didácticos. Neste caso, intégranse de maneira especial as tecnoloxías da información e da comunicación e empréganse os avances tecnolóxicos dos que dispón a aula como os portátiles e o canón, tanto nas proxeccións como nas procuras de información na rede.

En tanto á secuenciación das actividades, todas as unidades didácticas están compostas por actividades introdutorias (para motivar ou servir de avaliación inicial dos coñecementos previos do alumado), de desenvolvemento de contidos (coa adquisición progresiva dos mesmos en base a unha crecente complexidade), de atención á diversidade (adaptacións das actividades ordinarias para dar resposta ás necesidades específicas dos casos de NEE e falta de visión) e, finalmente, de aplicación do aprendido (ben de seguimento ou de tipo final para avaliar os contidos aprendidos).

Para iso, lévanse a cabo diversas estratexias metodolóxicas que fomentan a adquisición de vocabulario específico (tanto histórico como xeográfico),

lectura (fragmentos de documentos de fonte primaria) e redacción (sistematizar os contidos de táboas, esquemas e eixes en redaccións). Neste sentido, estímúlase a memorización comprensiva (a través de mapas conceptuais ou con preguntas de actividades de videoforum), a empatía histórica e a creatividade. Seguidamente, no desenvolvemento dos contidos reflexiónase non só sobre os resultados senón en como se chega a eles a través de actividades de indagación e investigación, estudo de caso e simulacións (xogos de rol). Outra plantexan unha formulación do conflito cognitivo (contraponendo modelos de pensamento como o teocentrismo e antropocentrismo) e o establecemento de comparación de modelos (con cadros comparativos entre os distintos estilos artísticos). Concédese tamén importancia á elaboración e análise de fontes de distinta natureza: documentais (textos), gráficos (pirámides de poboación) e mapas (interpretación dun mapa de fluxos sobre colonizacións e intercambios comerciais, migracións, expansión do islam, entre outros). Finalmente, entre as actividades de síntese e sistematización da información son empregados cadros resumo, táboas recompilatorias e cuestionarios test de cada tema.

Tamén se establece unha actividade complementaria; a saída didáctica pola contorna de Betanzos para coñecer o nacemento, estrutura e evolución dunha cidade medieval.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (Edixgal)
Apuntamentos e fichas do docente
Edixgal
Caderno ou cartafol do traballo do alumnado
Carpeta de fundas
Mapas (xeográficos e históricos)
Axenda
Recursos en rede (xogos, probas, encrucillados, etc.)
Outras fontes: prensa, novelas, cine, música, etc.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

En primeiro lugar, empregárase o libro de texto dixital (Edixgal) pero unicamente como un apoio tanto para o profesorado, é dicir, como material de consulta que recolle todas as unidades didácticas que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece actividades de distinta natureza (incluíndo reforzo e ampliación). Así pois, o libro de texto empregárase como un material complementario. O libro será virtual e accederase a través do curso da materia de Edixgal e combinará o uso dalgunha das tres editoriais recomendadas (Planeta para Xeografía e preferentemente, Netex Smart para Historia).

En segundo lugar, empregáranse materias elaborados polo propio docente, deseñadas segundo as necesidades dos distintos perfís do alumnado. Este tipo de recurso terá prioridade sobre o libro de texto e será facilitado ao alumnado en forma de "fichas" (de cada unidade didáctica) sobre as que se traballará no día a día da clase e que serán materia de estudo para as probas escritas.

En terceiro lugar, empregárase Edixgal como espazo virtual de traballo: todas as entregas de tarefas realizaranse a través desta plataforma (serán excepcionais as entregas en papel e produciranse naqueles casos indicados polo docente) e servirá tamén como fondo de repositorio dos materiais en papel (actividades e fichas de clase). Ademais, Edixgal será o espazo a través do cal se realicen actividades e probas avaliábeis (como é o caso dos cuestionarios e os test).

En cuarto lugar, para unha mellor organización, recoméndase empregar:

- Caderno de traballo ou folios, para realizar anotacións e tarefas que mostren o traballo diario na materia.
- Carpeta de fundas, para gardar e colocar as fichas e os apuntamentos de xeito ordenado.
- Axenda, para unha boa organización académica (anotación de exames, entregas de traballos e xestión de tempos de estudo)

Finalmente, en todas as unidades traballarase con mapas e/ou fontes históricas como documentos. A maiores, dependendo dos contidos de cada unidade didáctica empregáranse outros materias máis específicos entre os cales destacan os xogos en rede, fragmentos de películas, música, novelas ou prensa (entre outros).

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita en dúas partes, na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos, con exercicios de distinta natureza (memorización e comprensión) e enfoque (práctico e teórico); pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva permita coñecer as destrezas orais de cada alumno/a.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar a través de cuestionarios, test, tormenta de ideas ou visualización comentada de pequenos audiovisuais (entre outras).

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara a materia (en xeral) e de cara ao tema que se vai a traballar (en particular). Ademais, estas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>2</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>6</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	55	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	45	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>2</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	<b>68</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	<b>32</b>

### Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas (parciais) é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%. Teranse, tamén, en conta traballos voluntarios (a maiores da nota).

A probas escritas (parciais) puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diversa natureza: definición de conceptos, preguntas curtas e prácticas de fontes xeográficas e históricas (mapas, documentos, etc.). Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada e especificada polo docente en cada cuestión. Realizaranse como mínimo dous exames por avaliación (intentando ampliar a tres, no caso de consideralo necesario). En cada avaliación, realizarase a media de cada proba (a excepción de que o docente considere que a cantidade de contidos pode ser maior nunha proba que noutra).

A táboa de indicadores comprenderá todos os aspectos relativos ao rendemento académico ordinario (RAO). Neste ámbito terase en conta o esforzo e implicación no traballo do día a día (tanto na aula como na casa). Así pois, valorarase:

- Entrega de actividades Edixgal (requiridas, expresamente, nalgunha das unidades didácticas, de forma independente aos exercicios paralelos do caderno de clase)
- Caderno de clase (valoración da orde, redacción/expresión e realización de tarefas ordinarias)
- Lección (resposta correcta ás preguntas da unidade didáctica na que se está a traballar)
- Participación (intervencións na aula)
- Controis de cada tema (probas) que terán lugar ao rematar cada unha das unidades didácticas desenvolvidas (no caso de contidos relacionados poderanse englobar a dúas unidades baixo a realización da mesma proba). O formato da proba pode variar (definición de conceptos, preguntas curtas, test, etc.). Realizarase, preferentemente, por a través da plataforma Edixgal (no seu defecto, en papel) pero de forma presencial nas instalacións do mesmo centro educativo.

En tanto aos traballos voluntarios; poderán subir como máximo ata 1 punto sobre a nota (en ningún caso penalizar). Os traballos serán propostos polo docente, relacionados cos contidos diarios da materia. O alumnado poderá realizar outro tipo de traballos segundo os temas que lles resulten máis interesantes da materia (neste caso, deberáse comunicar previamente á profesora). Poderán ser realizados de forma individual ou en grupo e deberán ser entregados unha semana antes da avaliación (como máximo). Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

A nota de cada avaliación será o resultado de:

$NOTA DA AVALIACIÓN = [(MEDIA PONDERADA DOS PARCIAIS \times 0,7) + (TÁBOA DE INDICADORES DO RAO \times 0,3)] + TRABALLOS VOLUNTARIOS.$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo á alza sempre e cando se cumpran dous requisitos: cando o decimal sexa igual ou superior a 0,75 e cando se mostre a evolución positiva do alumno/a ao longo do trimestre. Para cumprir con este último requisito será obrigatorio ter realizadas todas as entregas virtuais dese trimestre.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de



reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación (ver apartado correspondente da programación).

Na avaliación final realizarase unha valoración das competencias clave e a media das tres avaliacións. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas. Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba ordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nunha proba escrita no que se examinarán os criterios de avaliación non superados das unidades didácticas correspondentes. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o mesmo criterio establecido para as avaliacións do curso.

#### **PUNTUALIZACIÓN IMPORTANTE:**

No caso de que algún alumno/a utilice textos ou materiais non permitidos para responder ás preguntas dun exame, ou calquera outro método fraudulento nel, con ou sen axuda da tecnoloxía, a súa nota será un 0, con independencia do momento en que comezase a facer uso deses procedementos.

Igualmente se se demostra que un alumno/a plaxiou traballos ou exercicios con ou sen axuda da tecnoloxía, esa tarefa será avaliada cun 0 sen que poda ser repetida no transcurso da avaliación. O alumno sancionado terá unha nova oportunidade de recuperar ese exame ou actividade na seguinte avaliación.

#### **Criterios de recuperación:**

Cada avaliación terá unha recuperación e non se fará a recuperación de exames ou probas parciais. Para preparar estas probas de recuperación a docente poderá propoñer ao alumando a elaboración dun dossier de reforzo con diferentes tarefas sobre os temas traballados nas unidades da avaliación e a preparación de preguntas modelo para o exame. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. Cada proba de recuperación seguirá o formato das probas escritas do curso (definición de conceptos, redacción de preguntas

curtas e práctica con fontes de distinta natureza) e cualificarase nunha escala de 1 a 10 (sendo o 5 o aprobado) e terase en conta, positivamente, a entrega de actividades de sempre e cando as actividades están completas e correctas. Para o cálculo da media de final de curso; no caso de que a nota da proba de recuperación sexa superior ao suficiente (5) a nota definitiva calcularase a partir da media entre a nota da avaliación e a obtida tras a recuperación (exemplo; un alumno cun 4 na terceira avaliación que obteña un 8 na recuperación sería cualificado cun 6 nesa terceira avaliación).

No caso de que a media das tres avaliacións sexa inferior a 5 puntos, o/a alumno/a terá dereito á recuperación da materia das tres avaliacións non superadas antes da avaliación final. Para tales casos farase un exame final estruturado en tres partes correspondentes á materia de cada trimestre. A nota do exame será o 80% e un 20% gardarase para a entrega dun dossier de actividades (traballo con material para preparar a recuperación final e titorizado polo docente para facer aclaracións e correccións pertinentes que promovan unha recuperación positiva). De cara á media final, levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. De novo, collerase a nota máis alta entre a nota da avaliación e a obtida tras a recuperación final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que non superase a materia nun curso terá a posibilidade de recuperala en curso/s seguinte/s nos que chamaremos "exames de pendentes"

\* O calendario destas probas ven marcado cada curso pola xefatura de estudos.

\* O deseño das probas corresponde ao Departamento baixo a coordinación do seu/súa xefa/e de

Departamento. Neste labor, cando sexa posible e conveniente, o xefe/a de departamento contará coa colaboración especialmente dos compoñentes do Departamento que o ano anterior impartisen docencia ao alumnado obxecto da proba de pendentes.

\* Haberá ao longo de curso tres exames de pendentes.

\* Os dous primeiros serán exames parciais nos que a materia do curso

se reparte de xeito equilibrado. Aprobando estes dous exames parciais considerase superada a materia.

\* O terceiro será un exame final de pendentes en abril ou maio que abarcará a totalidade da materia (obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias do curso).

- En caso de avaliación positiva suporá a superación da materia

- En caso de avaliación negativa comportará a non recuperación da materia

\* A non presentación a calquera destas convocatorias comporta a non superación de dita convocatoria. Cando un alumno non se presente a un parcial automaticamente deberá presentarse ao exame final.

Como reforzo para a recuperación das materias pendentes, os alumnos/as teñen á súa disposición aos distintos profesores/as do Departamento para solucionar as dúbidas que poidan ter na preparación dos exames. O xefe/a de Departamento poñerase en contacto co alumnado de maneira persoal e repartiralles coa suficiente anterioridade en cada parcial os materiais impresos para preparar a materia da que van ser avaliados ou nalgúns casos utilizaranse materiais da Aula Virtual do curso que teñen pendente sendolles neste caso tamén notificado de maneira persoal. Así mesmo, sempre que sexa necesario o Departamento proporcionará ao alumnado libros existentes no Departamento, no Instituto ou outros materiais axeitados para a preparación da materia.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No contexto global dos 105 estudantes de 2º da ESO, enténdese a atención á diversidade como unha resposta aos distintos tipos de de interese e motivación (destacando o caso dunha materia troncal como esta), por capacidade e distintos ritmos de aprendizaxe (destacando o caso de 5 alumnos/as repetidores/as e 4 casos de promoción por imperativo legal), por procedencia e nivel socioeconómico-cultural (destacando o caso de varios estudantes con dificultades coa lingua galega), ou por presentar algún tipo de NEE (Necesidades Educativas

Especiais). Neste nivel, destacan 6 estudantes que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por casuísticas distintas: dous casos de altas capacidades intelectuais, dous de TEA, unha alumna con dislexia e unha alumna con dificultades visuais. Existe, ademais, un caso importante de absentismo escolar e tres casos de aplicación de medidas extraordinarias como adaptacións curriculares (ACI) por incorporarse de xeito tardío ao sistema educativo.

Para dar resposta a esta diversidade o centro empregará os recursos dos que dispoña (especialmente importantes no caso da alumna con dificultade de visión ao aplicar flexibilidade das aulas empregadas) e o docente deseñará medidas de atención á diversidade (contando coa colaboración directa co Departamento de Orientación).

Entre as respostas á diversidade destacarán as seguintes:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, diferenciaranse tempos, materiais e recursos dependendo dos casos. Ademais, elaboraranse actividades de ampliación e reforzo realizadas por todos os alumnos (citadas no apartado de metodoloxía) así como outras deseñadas de xeito personalizado para casos específicos como o dos dous alumnos alumnos repetidores con materia pendente.

- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

- En tanto ao caso de TEA e DISLEXIA supoñerá a adaptación das probas escritas segundo os protocolos preestablecidos (adaptación de tempos e formatos segundo cada caso)
- Sobre o alumnado de procedencia estranxeira, en ningún dos casos estarían afectados por unha integración tardía pero, principalmente un dos alumnos presenta especiais dificultades coa expresión oral e escrita en lingua galega. Por iso, nas clases empregárase unha sintaxe e léxico sinxelo e, no caso de ser preciso, realizárase a transcripción de visuais ou a tradución e pertinente á lingua castelá.
- Plantexáranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acadase un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X				X			X
ET.2 - Educación ambiental								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Educación para a igualdade		X			X			X
ET.4 - Emprendemento							X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible							X	
ET.7 - Educación para a paz					X			X
ET.8 - Educación para o consumidor	X			X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Educación cívico-social				X	X	
ET.2 - Educación ambiental			X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X			X	
ET.4 - Emprendemento	X	X		X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	
ET.7 - Educación para a paz					X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X	X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro sobre as orixes medievais da cidade de Betanzos	complementaria		X	
Visita ao Museo das Mariñas	complementaria		X	

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten aprofundar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Neste nivel, realizaranse dúas actividades complementarias, relacionadas entre sí: un roteiro sobre as orixes medievais da cidade de Betanzos e a visita ao museo da cidade. Levaráanse a cabo na segunda avaliación xa que a finalidade da mesma é aplicar os contidos de aula (unidade didáctica 6, 7 e 8) á contorna do alumnado. Así pois, desenvolverase en tres fases:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nas sesións previas terán traballado sobre a orixe das primeiras cidades medievais (causa históricas, estrutura, trazado e funcionalidade) e a súa organización (social, política e económica). Traballarase sobre un plano de Betanzos, identificando as localización da cidade (próxima aos recursos, altitude, defensa natural e xacemento castrexo previo), señalaranse as distintas liñas de muralla e identificaranse os principais edificios (analizando a funcionalidade dos mesmos nese contexto medieval). Noutra sesión analizarase os distintos estilos artísticos da Idade Media a partir das igrexas da contorna; o románico de Santa María do Azogue, o gótico de San Francisco e Santiago.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información. Realizarase o roteiro pola cidade, contando coa colaboración de Julián Ferrer como guía (profesor xubilado do Francisco Aguiar e especialista sobre a igrexa de Santa María do Azogue). Durante a actividade deberán completar unhas fichas sobre cada punto do roteiro (poderán facelo por equipos)

-Xa na aula unha terceira fase de feedback para comprobar o resultado da experiencia. Cada grupo expoñerá a información que completou nas fichas e realizarase un debate final sobre a pegada do medieval na nosa contorna para insistir na importancia da conservación do patrimonio.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Ofrece oportunidades de recuperación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase

Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
É ordenado nas explicacións
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos
Medidas de atención á diversidade
Explica con claridade
Resolve dúbidas
As actividades foron variadas e motivadoras
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entornó a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos



resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## **9. Outros apartados**